

UNIVERSIDADE
DE VIGO,
ESPAZO LIBRE
DE VIOLENCIAS
MACHISTAS

2023

VIOLENCIAS
MACHISTAS
DIXITAIS.
RECONECER
PARA COMBATER

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

+34 986 813 419
igualdade@uvigo.gal

Edificio Ernestina Otero
Campus universitario
36310 Vigo

GLOSARIO

Bluejacking. Manipular e controlar dispositivos para enviar mensaxes non solicitadas entre dispositivos *bluetooth*.

Catfishing. Crear unha identidade falsa para iniciar un vínculo con alguén.

Creepshotter. Persoa que toma imaxes das partes sexualizadas do corpo de mulleres e de nenas sen o seu consentimento para distribuílas en internet.

Ciberviolencia de xénero. Violencia que se comete e se propaga por medios dixitais como redes sociais, foros, correo electrónico ou mensaxaría móbil, e que causa danos á dignidade, integridade e seguridade das mulleres.

Ciberacoso. Comportamentos lesivos ou denigrantes no espazo dixital, como mensaxes humillantes, chantaxes ou ameazas.

Depredador sexual dixital. Persoa que utiliza ferramentas dixitais para buscar mulleres sobre as que exercer poder e control sexual, empregando moitas veces estratexias para conseguilo, como *doxing* ou *grooming*.

Doxxing. Procura sistemática de información persoal e privada na rede,

con especial incidencia sobre as mulleres só polo feito de selo, co fin de prexudicalas e expoñelas.

E-bile. Termo empregado para referirse ao discurso de odio nas redes sociais.

Flaming. Atacar verbalmente a alguén en liña. Lanzar insultos, transmitir fanatismo ou calquera hostilidade verbal directa dirixida a unha persoa específica.

Gaslighting ou luz de gas. Mecanismo de violencia psicolóxica para facer dudar a unha persoa da realidade, negándoa e tratando de confundila na súa percepción ou lembranzas. É unha estratexia que pode darse en relacións onde hai situacións de violencia de xénero e, como outras prácticas de violencia psicolóxica, pode ser difícil de identificar.

Ghosting. Cortar a comunicación nunha relación de súpeto e sen explicación. **Ghostbusting (cazapantasma).** Teimar en manter a comunicación aínda que non haxa ningún do outro lado.

Gendertrolling. Difusión organizada de contidos extremadamente ofensivos e *hashtags* (cancelos) nas redes sociais para incitar á violencia contra as mulleres. Conxunto

de prácticas dixitais coordinadas intimidatorias para humillar unha muller.

Groomers. Persoas adultas que establecen relacións de abuso de poder con menores, mediante a apelación á idade, influencia ou recursos, co fin de abusar sexualmente ou cometer actos de tráfico de seres humanos.

Manosfera. Rede de comunidades de homes en liña que promoven o antifeminismo e o sexismo, e que culpan as mulleres e as feministas de todo tipo de problemas na sociedade. Moitas destas comunidades fomentan o resentimento e mesmo odio ás mulleres e nenas ou promoven e defenden a «cultura da violación».

Suplantación de identidade en liña. Roubar e suplantar a identidade dixital mediante a pirataría dos dispositivos electrónicos.

Pharming. Ciberataque que tenta redirixir o tráfico web ao sitio do atacante para roubar información ou datos confidenciais.

Violencia sexual dixital non consentida. Publicar en internet sen consentimento imaxes sexuais privadas para humillar e manifestar o poder sobre unha persoa, na maioría dos casos

unha muller. É habitual utilizar *porn revenge* ou porno por vinganza, pero este termo é cuestionado por activistas feministas (como na Lei Olimpia en México), porque se considera que o concepto vinganza implica que é unha consecuencia de algo que as persoas afectadas puideron facer e non é así.

Reclutadores. Persoas que usan internet para captar vítimas de tráfico de seres humanos.

Sealing. Acosar unha persoa nas redes con solicitudes persistentes de probas, preguntas e invitacións incesantes para participar nunha discusión en liña, cun finxido sentido de sinceridade e civismo, co fin de provocar unha resposta agresiva que se poida usar para defenderse.

Submarining ou facer un submarino. Deixar a alguén, ignoralo durante máis ou menos tempo e despois volver coma se non pasase nada.

Trolls. Internautas con identidades descoñecidas que comentan ou interactúan só para ofender, provocar e conseguir unha resposta emocional negativa doutra persoa.

Un fenómeno xeneralizado e xenerizado

Levamos máis dunha década facendo un uso masivo das redes sociais e o ecosistema dixital está omnipresente na nosa vida cotiá. Unha «cibervida» predeseñada por uns poucos grandes da *Big Tech* que non teñen que render contas polas agresións xeradas nas súas plataformas nin polas súas consecuencias. A definición que establece en Galicia a Lei 15/2021, do 3 de decembro, dinos que «violencia de xénero en liña é todo acto ou conduta cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), como internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxaría e correo electrónico ou servizos de xeolocalización coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento». Falamos dun fenómeno xeneralizado e xenerizado: a maior parte desas violencias diríxense contra mulleres e os seus autores son maiormente homes. Ten, ademais, un forte e virulento compoñente sexual utilizado coa intención de crear un clima de terror e de odio viral que serve para controlar e condicionar a vida das mulleres no espazo público dixital.



En 2021 a editorial Dykinson publicou *Feminismo digital. Violencia contra las mujeres y brecha sexista en internet* coordinado por Taria Aránguez e Ozana Olariu, e no que participan docentes da Universidade de Vigo. Está dispoñible para consultar e descargar en dykinson.com.

XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
52	26	27	28	29	30	31	1 <small>Ano Novo</small>
1	2	3	4	5	6 <small>Día de Reis</small>	7	8
2	9	10	11	12	13	14	15
3	16	17	18	19	20	21	22
4	23 / 30	24 / 31	25	26	27 <small>San Tomé de Aquino</small>	28	29

Historicamente desiguais, tamén no ciberespazo

Os niveis de violencia de xénero en liña medraron paralelamente á acelerada dixitalización provocada polas medidas de confinamento e de distanciamento social adoptadas debido á emerxencia sanitaria provocada pola covid-19. Durante a pandemia tamén se evidenciou que a brecha dixital de xénero é unha realidade e que se viu incrementada a necesidade de complementar a adquisición de novos coñecementos dixitais tamén sobre protección e coidados dos nosos datos e da nosa intimidade. Un estudo recente presentado polo Instituto das Mulleres do Ministerio de Igualdade revela o altísimo nivel de incidencia da violencia dixital e o normalizada que semella estar:

o 80 % das mozas de entre 16 e 24 anos do noso país sufriron ciberacoso nas redes sociais como insultos, ameazas, burlas, mensaxes ferintes, mensaxes insistentes ou comentarios humillantes. Non é este un dato suficiente para que nos decatemos da gravidade destas novas formas de violencia?



A avogada feminista Laia Serra elaborou un informe sobre violencias de xénero en liña con recomendacións que foi rexistrado no Congreso dos Deputados xunto a Pikara Magazine, Calala e Front Line Defenders. Infórmate e fórmate descargando o *Monográfico Violencias digitales* de Pikara Magazine ou en lab.pikaramagazine.com.


FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	30	31	1	2	3	4	5
6	6 <small>Día Internacional contra a Mutilación Xenital Feminina</small>	7	8	9	10	11 <small>Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia</small>	12
7	13	14 <small>Día Europeo da Saúde Sexual</small>	15	16	17	18	19
8	20	21 <small>Martes de Entroido —Festivo local en Ourense</small>	22* <small>Mércores de Cinza —Festivo local en Pontevedra</small>	23	24	25	26
9	27	28	1	2	3	4	5

*22: Día Europeo da Igualdade Salarial

Unha escalada... imparable?



Fixémonos nalgúns dos datos dispoñibles sobre a prevalencia destas formas de agresión en liña e tamén sobre a súa evolución: un dos primeiros estudos que transcenderon remóntase a 2014 cando a Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea advertía de que o 11 % das mulleres europeas (uns nove millóns) viviron situacións de violencia en liña. Só un ano despois, en 2015, a Comisión de Banda Ancha das Nacións Unidas sinalaba xa que o 73 % das mulleres viviu algún tipo de violencia en liña e que o 61 % dos acosadores eran homes. Segundo os datos de 2019 do Speech Project, 2/3 das mulleres xornalistas denuncian sufrir ameazas, abusos machistas, intimidacións e acoso mentres realizaban o seu traballo. Unha investigación recente, con máis de 120 eurodeputadas, mostrou que o 58,2 % das participantes recibiu violencia dixital e que o 46,9 % foi ameazada de morte, de violación ou de agresións físicas contra elas ou os seus fillos e fillas. Segundo un estudo do Plan Internacional publicado en outubro de 2020, case o 60 % das nenas e mulleres novas de todo o mundo experimentou diferentes formas de ciberacoso xa desde os 8 anos.



Unha das organizacións dedicada a analizar e a documentar a calidade da nosa vida dixital é a APC, Asociación para o Progreso das Comunicacions. É unha rede internacional de organizacións da sociedade civil, fundada xa en 1990, e que podes visitar en apc.org.

Violencias multixurisdicionais, transnacionais e anónimas

É importante destacar que na rede a quen agride resúltalle moi fácil atopar mulleres e nenas ás que acosar, pero a quen experimenta a violencia dixital pode resultarlle difícil identificar a persoa culpable. Por unha banda, pode ter un carácter multixurisdiccional e transnacional, xa que os actos de abuso poden cometerse fóra da xurisdición de quen está a ser acosada ou agredida. Por outra, está a utilización e a adaptación continua de tecnoloxías dixitais para ocultarse e evitar así unha posible investigación. Quen agride pode usar alcumes ou avatares, e canto máis anónimo se sente, máis disposición terá para incrementar as súas violencias apoiándose tanto na dificultade de identificación coma na sensación de que as súas accións non terán consecuencias. En 2020, Nacións Unidas, na súa *Declaración sobre a violencia en liña contra mulleres e nenas*, puña o foco na necesidade de «establecer normas para que os estados, no ámbito nacional, apliquen correctamente os tratados existentes, xa que na actual situación se producen lagoas na cooperación e na aplicación dos compromisos internacionalmente».



Unha ferramenta de apoderamento e de loita para unha rede máis segura e libre é a plataforma autodefensa.online, un espazo integrado por activistas e por profesionais con moitos recursos e cun formulario de apoio en liña.


ABRIL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
13	27	28	29	30	31	1	2
14	3	4	5	6 <small>Xoves Santo</small>	7 <small>Venres Santo</small>	8	9
15	10	11	12	13	14	15	16
16	17	18	19	20	21	22	23
17	24	25	26 <small>Día da Visibilidade Lésbica</small>	27 <small>Día Internacional das Nenas nas TIC</small>	28	29	30

<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>	<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>
---	---

Quen agride e como?

Aínda que falamos desa violencia transnacional e pode que anónima, os estudos tamén demostran que nunha alta porcentaxe quen agride é unha persoa coñecida pola agredida. Nunha enquisa sobre violencias dixitais realizada polo colectivo DonesTech documéntase que o 80 % das persoas que agriden na rede a mulleres son homes, que o 45 % son coñecidos e que, de entre os coñecidos, a maioría eran ex-parellas, amigos, parellas, compañeiros da clase ou compañeiros de traballo. Tamén que moitas destas agresións ou situacións de acoso comezaron fóra de internet. Máis do 50 % das mulleres que participaron nesta enquisa recibiron expresións ou insultos denigrantes en redes ou a través dos dispositivos móbiles só polo feito de ser muller. A máis do 30 % accedéronlle ás súas contas e dispositivos sen consentimento. As ameazas, a difamación na rede, a publicación de información persoal para que te acosen ou agridan, a usurpación ou a suplantación de contas de correo ou redes sociais, a información falsa ou o contacto e fustrigamento a persoas próximas teñen tamén unha alta incidencia entre as mulleres consultadas.



Unha das conclusións deste estudo foi que «todas as estratexias de resposta a esta violencia funcionan, cando menos, para algunha cousa». Visita dones.tech e busca nas redes o seu *Kit contra as violencias machistas online* que está dispoñible para descargar en varios idiomas, entre eles o galego.


	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
18	1 Festa do Traballo	2	3	4	5	6	7
19	8	9	10	11	12	13	14
20	15	16	17* Día Internacional contra a Homoles- bobitransfobia	18	19	20	21
21	22	23	24 Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme	25	26	27	28 Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres
22	29	30	31	1	2	3	4

*17: Día das Letras Galegas

Os ataques individualizados

Son ataques dirixidos a mulleres unicamente por ser mulleres, máis aínda se tamén son persoas con presenza pública destacada. Buscan desvalorizar, ridiculizar, anular, acosar, atacar, humillar, asustar, obstaculizar, difamar ou minar a reputación e a credibilidade e os logros femininos. Moitas veces violan o dereito das mulleres a unha vida libre de violencia e con dereito a participar nos asuntos públicos e políticos en igualdade de condicións. Tamén queren exercer medidas disciplinarias sobre todo contra xornalistas, políticas, activistas, tecnólogas, artistas, xogadoras de videoxogos, deportistas, *influencers*, profesionais e académicas, é dicir, contra calquera muller con destacada presenza pública.

Esta violencia sistemática e continua fai que moitas veces as mulleres se sintan nun lugar hostil, non se sintan libres para publicar o que lles apetece e mesmo que decidan abandonar o espazo público virtual.




Hai que camiñar cara ao autocoidado dixital e non cara á autocensura. En La clika, na ligazón libresonlinea.mx podes poñerte no lugar dunha moza, Leo, nunha historia interactiva sobre violencia dixital na que terás que tomar decisións ao tempo que poderás acceder a recursos específicos para cada situación.

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
22	29	30	31	1	2	3	4
23	5	6	7	8	9	10	11
24	12	13	14	15	16	17	18
25	19	20	21 <small>Día Internacional pola Educación Non Sexista</small>	22	23 <small>Día Internacional das Mulleres na Enxeñaría</small>	24	25
26	26	27	28 <small>Día Internacional do Orgullo LGTBQ+</small>	29	30	1	2

Violencia sexual dixital

É a violencia dirixida ao control do corpo e da sexualidade das mulleres, mediante comentarios sexuais, acoso e insultos e ameazas de violación ou distribución de imaxes íntimas sen consentimento. Estes comportamentos forman parte da «disciplina do terror sexual» para impoñer e condicionar pautas de comportamento limitantes para todas as mulleres: que podemos facer e que non facer para evitar ser agredidas. Nos casos máis graves, pode xerar situacións delituosas derivadas do uso das TIC para provocar a captación, gravación e difusión en liña de agresións sexuais a mulleres con extorsións para pornografía, prostitución, captación de menores etc. Este tipo de agresión e de control acontece, en moitas ocasións, en contextos de proximidade como o laboral ou entre o estudantado. Por tanto, é importante que toda a comunidade educativa sexa consciente deste tipo de violencia e teña ao seu alcance ferramentas para combatela.



Na plataforma de alcance hispanoamericano [acoso.online](#) podemos acceder a moitos materiais de interese e entre eles está a *Guía práctica para tratar casos de pornografía non consentida en recintos educativos*, un exemplo de ferramenta para lidar con casos de difusión non consensuada de imaxes e de vídeos íntimos.


XULLO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
26	26	27	28	29	30	1	2
27	3	4	5	6	7	8	9
28	10	11 <small>San Bieito — Festivo local en Pontevedra</small>	12	13	14 <small>Día Internacional da Visibilidade Non Binaria</small>	15	16
29	17	18	19	20	21	22	23
30	24 / 31	25* <small>Día Internacional das Mulleres Afro- descendentes</small>	26	27	28	29	30

*25: Día Nacional de Galicia

Os homes que odiaban as mulleres

Para falar da violencia machista dixital hai que analizar tamén o seu «brazo» organizado. Unha estratexia dirixida a hexemoneizar o discurso de odio contra as mulleres no espazo virtual e limitar, silenciar, invisibilizar e disciplinar a vida dixital das mulleres e a retórica feminista no panorama dixital, coa conivencia de todos os xigantes tecnolóxicos. Este machismo organizado internacionalmente ten un claro obxectivo político: fortalecer a orde patriarcal a través dun patrón de acción masivo contra os discursos e perfís feministas, articulando mensaxes misóxinas e prodereitos dos homes promovendo a cultura da violación, baseado na homosocialidade e o compañeirismo masculino. O obxectivo final é restrinxir os dereitos fundamentais das mulleres, que as capacitan para participar na vida civil e política en condicións de igualdade, e acadar o dominio no panorama dixital. A denominada *gender trolling* propugna o odio e a violencia sexual contra as mulleres, unha misoxinia estrutural que ten como obxectivo final constrinxir a vida, os corpos, os movementos, as condicións e as oportunidades das mulleres para manter, reproducir e perpetuar un sistema de normas, roles e estruturas patriarcais.




Visita a plataforma ciberseguras.org para aprender sobre tecnoloxía e feminismos, protexer os teus dispositivos ou organizar espazos de encontro. Entre os recursos que ofrece está o taller de seguridade dixital feminista *Mis dispositivos, mis cuentas, mis reglas*.

AGOSTO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
31	31	1	2	3	4	5	6
32	7	8	9	10	11	12	13
33	14	15 Día da Asunción	16 San Roque — Festivo local en Vigo	17	18	19	20
34	21	22	23	24	25	26	27
35	28	29	30	31	1	2	3

Calcular a toxicidade

Para determinar o nivel de odio xerado por estes grupos e foros, un experimento utilizou unha ferramenta de aprendizaxe de Google chamada *Perspective*, que busca palabras clave na fala. Esta ferramenta permitiu facer un «cálculo de toxicidade» para evidenciar cantos discursos de odio se usan nos foros e identificou na plataforma social e agregador de foros e novas *Reddit* os discursos máis extremos da esfera machista. Hai máis experiencias similares. Con anterioridade, unha chamada grande de atención á saúde da rede causou un experimento de intelixencia artificial chamado *Delphi* ou *Delfos*. Liderado pola investigadora Liwei Jiang esta IA tiña como obxectivo principal identificar a ética que pode desenvolver un *software* intelixente que se adestra e aprende nos foros das redes sociais, e que só en 16 horas se converteu en machista e racista. Son algúns exemplos cos que amosar o alto nivel de contaminación endémica misóxina que acadou hoxe o ecosistema dixital, un escenario moi preocupante de «patriarcado de vixilancia».



Fronte a esta ofensiva do machismo dixital organizado cómpre incrementar o acceso das mulleres á información, coñecementos e servizos para a súa protección e defensa. Existen grupos de *hacklabs* feministas que organizan talleres presenciais ou tamén na rede como [labeikka.red](#). Outra plataforma que traballa nesa dirección é [dominemoslatecnologia.org](#).


SETEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
35	28	29	30	31	1	2	3
36	4	5 <small>Día Internacional das Mulleres Indixenas</small>	6	7	8	9	10
37	11	12	13	14	15	16	17
38	18	19	20	21	22	23* <small>Día Internacional da Bisexualidade</small>	24
39	25	26	27	28 <small>Día de Acción por un Aborto Legal e Seguro</small>	29	30	1

*23: Día Internacional contra a Explotación Sexual e o Tráfico de Seres Humanos

A mansfera

A mansfera está a actuar como un dos novos «aparells ideolóxicos do patriarcado» máis eficaces para garantir a reprodución da orde social e política de xénero xerárquica que reforza a posición de dominio masculino, que está a lexitimar a brutal violencia estrutural misóxina do sistema patriarcal. Estes discursos, emitidos desde foros, youtubeiros, administradores, tuiteiros ou *influencers* populares, van gañando terreo entre os mozos lanzando unha serie de «mantras» de supremacismo masculino. Contidos negadores, vitimarios e antifeministas que consideran a violencia de xénero un invento ideolóxico e nos que acusan o feminismo e as súas políticas de igualdade de perseguir e criminalizar os homes. Estas violencias seguen un patrón dixital estruturado e organizado, coa conivencia das Big Tech, cun fin último: alentar a misoxinia, o odio ás mulleres, a violencia contra elas e restrinxir os seus dereitos dentro e fóra da rede. Autoras como Laura Bates consideran que a mansfera ou machoesfera resulta unha ameaza de «terrorismo doméstico» porque alenta unha ideoloxía de misoxinia extremista.



Laura Bates fundou everydaysexism.com, un espazo en liña para expoñer e catalogar as situacións de sexismo que vivimos as mulleres día a día. Nesta páxina, con versión en máis dunha ducia de linguas, podemos achegarnos ás historias que van deixando centos de mulleres ou contar a nosa propia.

OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	25	26	27	28	29	30	1
40	2	3	4	5	6	7	8
41	9	10	11 <small>Día Internacional das Nenas</small>	12 <small>Día do Pilar</small>	13	14	15 <small>Día Internacional das Mulleres Rurais</small>
42	16	17	18	19	20	21	22
43	23 / 30	24 / 31	25	26 <small>Día Internacional da Intersexualidade</small>	27	28	29

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

O virtual é real

O dano que infrinxe a violencia machista dixital non queda no teléfono ou no ordenador, é real, e afecta á vida e á saúde das mulleres. Das consecuencias, dos danos que experimentan as persoas agredidas podemos saber a través das investigacións ou das análises que se documentan dende diferentes organizacións e proxectos ciberfeministas. Así, concluímos que o machismo dixital causa problemas psicolóxicos, físicos e sociais. Medo, ansiedade, culpabilización, soidade, paranoia, depresión, falta de concentración, perda de autoestima, pensamentos suicidas, autocensura, dificultades para socializar, illamento, dificultades para realizar o noso traballo ou rutina habitual, abandono das TIC, dor de barriga, dor de cabeza, bruxismo, insomnio... O que pasa na rede non queda na rede. O virtual é real e unha agresión dixital é unha agresión real.



O proxecto FemBloc, financiado pola Unión Europea, puxo en marcha un programa piloto da liña telemática *FemBloc* de atención e apoio ás violencias machistas dixitais. Podes buscalo como @femblocbot en Telegram ou no correo fembloc@cdr.link.


NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
44	30	31	1 Día de Todos os Santos	2	3	4	5
45	6	7	8	9	10	11 San Martiño — Festivo local en Ourense	12
46	13	14	15	16	17	18 Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Ciencia	19
47	20 Día Internacional da Memoria Trans	21	22	23	24	25 Día Internacional contra a Violencia Machista	26
48	27	28	29	30	1	2	3

Que non nos apaguen

As formas de violencia mudan e expáñdense máis rápido ca a lexislación que as regula.

En palabras da avogada Laia Serra: «As formas de violencia son tantas, tan rápidas, tan diversas, tan diseminadas... que ou ben existen estratexias de apoderamento das mulleres e de resposta organizada que fagan responsable a cadaquén do uso das súas redes sociais ou isto non se vai poder eliminar só con respostas sancionadoras delegando no Estado». Coñecemos revolucionarias estratexias e contracampañas feministas que nos últimos anos libraron unha potente e expansiva batalla: #NiUnaMenos #metoo #cuentalo #YoSiTeCreo..., pero cómpre tamén impulsar e coñecer os pasos que se dan no ámbito lexislativo. No ámbito estatal foron varias as iniciativas e destaca o grupo de traballo para incorporar a violencia machista dixital ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero. En Galicia, o 3 de decembro de 2021 modificouse a Lei 11/2007 de Galicia para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero incorporando e incluíndo a misoxinia virtual extrema. No ámbito internacional hai un referente moi significativo e pioneiro: a Lei Olimpia, que leva o nome de Olimpia Coral Melo, unha muller que viviu violencia dixital sexual e que impulsou unha iniciativa



para reformar o Código penal que en 2018 se aprobou en Puebla, o seu estado natal e posteriormente en todo México e tamén noutros países.

Ao longo deste calendario recomendamos e visualizamos algunhas páxinas, colectivos ou ferramentas na rede para facer fronte ás violencias machistas dixitais. Algunhas podes atopalas xunto con outras referencias de interese no apartado de recursos da nosa web catedrafeminismos.gal. Consultálanos á Unidade de Igualdade calquera dúbida ou solicita a nosa axuda e asesoramento. Se nos precisas, contáctanos!

DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
48	27	28	29	30	1	2	3
49	4	5	6 <small>Día da Constitución</small>	7	8 <small>Día da Inmaculada Concepción</small>	9	10
50	11	12	13	14	15	16	17
51	18	19	20	21	22	23	24
52	25 <small>Día de Nadal</small>	26	27	28	29	30	31
